



ENTIDADE LOCAL MENOR DE ARCOS DA CONDESA

San Martín - 36655 Arcos da Condesa

(Caldas de Reis) Pontevedra

Teléfono: 986 530 316

C.I.F. P-3600010-G

ARRANXOS NO CAMIÑO PORTUGUÉS

Estimada veciña, estimado veciño:

Esta semana veñen de comezar diversas obras de mantemento e conservación para mellorar o Camiño Portugués ao seu paso por Arcos da Condesa.

Esta tarefas consisten no seguinte:

- ❖ Limpeza de cunetas e canalizacións de augas pluviais; o estado no que se atopan constitúen un dos motivos principais do mal estado no que se atopa o firme do Camiño.
- ❖ Melloras no estado do firme co paso dunha niveladora, así como coa aportación de material onde sexa necesario.

Estas actuacións tentan dar resposta ás numerosas demandas da veciñanza. Ditas peticións foron trasladadas polo equipo de goberno da Entidade Local Menor á Xunta de Galicia, quen fixo posible unha reparación urxente deste treito de Camiño.

Dende a Entidade seguimos esfozándonos e continuamos coas negociacións para acadar unha solución a este problema no Camiño a Santiago, que se repite ano tras ano, unha solución funcional, máis duradeira no tempo, que requira menos mantemento e, sobre todo, permita ás veciñas e veciños ter un acceso digno ás súas vivendas.

Así mesmo, aproveitaremos a oportunidade para desprazar os colectores do lixo deste treito actualmente ubicados na entrada a unha propiedade privada con vivenda. Serán trasladados ao terreo público existente entre o muro da empresa Okana-21 e o Camiño Portugués.

Reciba un cordial saúdo.

